2018/19

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN MUSICAL 5º NIVEL CEIP A MAÍA

# ÍNDICE

OBXECTICOS XERAIS ........................................................................................................2

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE......................... 3

OBXECTIVOS, CONTIDOS , CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CO GRAO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN , A TEMPORALIZACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE..........................................................................................................7

METODOLOXÍA……………………………………………………………………………….. 17

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS……………………............................................... 19

AVALIACIÓN DOS ALUMNOS. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS…………………………………………….......................................... 20

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO .......................................................... 21

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO……………………………………….......... 22

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.........................................................................................................22

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO, PRÁCTICA DOCENTE, DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E INDICADORES DE LOGRO……………………………............................... 27

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE…………………………….............................. 28

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES……………….................... 29

## OBXECTIVOS XERAIS

- Realizar audicións activas de pezas vocais e instrumentais de diferentes estilos e culturas.
- Asistir a algunha representación musical.
- Recoñecer as distintas calidades do son.
- Traballar o acento e o pulso.
- Recoñecer e diferenciar os distintos matices que regulan a dinámica musical.
- Recoñecer e identificar os distintos tipos de voces e agrupacións vocais existentes.
- Aprender a diferenciar os tres tipos de compases fundamentais.
- Elaborar un proxecto de difusión cultural.
- Coñecer instrumentos de outras culturas. Recoñecer e identificar os distintos tipos de instrumentos do mundo e clasificalos segundo a súa orixe.
- Coñecer e cumprir as normas de comportamento en audicións e na asistencia a concertos e representacións musicais.
- Identificar as distintas partes dunha peza musical.
- Descubrir e coñecer o repertorio tradicional de Galicia e das zonas de orixe do alumnado.
- Reproducir pezas instrumentais ou cancións sinxelas mediante a voz ou a frauta doce.
- Reproducir pezas instrumentais cos distintos instrumentos da aula.
- Utilizar e coñecer as novas tecnoloxías para gravar interpretacións.
- Empregar as novas tecnoloxías para sonorizar imaxes o representacións musicais propias.
- Utilizar e coñecer as novas tecnoloxías como medio de gravación e creación de obras musicais.
- Deseñar e confeccionar un instrumento musical.
- Valorar e recoñecer o corpo como un instrumento musical e de expresión corporal.
- Utilizar a danza como medio de expresión individual e colectiva.

- Ser capaz de crear coreografías sinxelas levando o ritmo da música.
- Ser capaz de realizar ritmos propios utilizando o corpo como instrumento musical de percusión ou calquera obxecto da vida cotiá.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

*Referidas á competencia en Comunicación lingüística:*

- Aprender cancións.
- Aprender vocabulario e expresións locais en galego.
- Utilizar a voz e o corpo como instrumentos de expresión e comunicación.
- Coñecer, identificar e clasificar os instrumentos por familias e agrupacións instrumentais de diferentes estilos.

*Referidas á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:*

- Entender a relación entre as equivalencias das figuras musicais e os silencios e aplicar de forma integrada os coñecementos matemáticos necesarios para a súa comprensión.

*Referidas á Competencia dixital:*

- Utilizar métodos audiovisuais para ver e escoitar sons, instrumentos...etc.
- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Aplicar criterios éticos no uso das novas tecnoloxías.
- Empregar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Coñecer os recursos de distintos tipos de software relacionados coa creación musical para seleccionar a información máis pertinente que ofrecen as novas tecnoloxías e empregala como fonte de coñecemento.

*Referidas ás Competencias sociais e cívicas:*

- Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado grupal satisfactorio.
- Comprender a realidade da pluralidade social actual coa que convivimos e aprender a respectarnos.
- Ter respecto e actitude de escoita nas intervencións individuais dos compañeiros.
- Aceptar nas danzas e coreografías aos compañeiros/as sen discriminar a ninguén.
- Coñecer, valorar e gozar do contorno natural, social e cultural, fomentando a súa conservación.
- Participar nas actividades vocais, instrumentais e coreográficas de grupo con interese e sen inhibicións.
- Aplicar os elementos da linguaxe musical aprendidos a novas interpretacións e creacións, para participar da interpretación en grupo e coorperar como parte dun proxecto común.

*Referidas á Conciencia e expresións culturais:*

- Percibir e comprender o mundo que os rodea cando escoitan sons da súa contorna, gozando da mesma e valorándoa.
- Ter curiosidade cara ás fontes sonoras dos instrumentos que manexan na escola e os que soan nas audicións de música culta.
- Valorar as cancións populares como expresión cultural dos pobos, enriquecendo a súa bagaxe cultural.
- Valorar as manifestacións culturais do folclore galego e doutras culturas.
- Representar sons mediante a expresión plástica.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Escoitar, diferenciar e valorar os sons do medio no que viven.
- Expresar sentimentos e emocións dos códigos artísticos.

- Entender o silencio como elemento de comunicación e expresións musicais e utilizalo como recurso para conseguir creacións ben elaboradas.

*Referidas á competencia para Aprender a aprender:*

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aprender a ter capacidade autocrítica, reflexionando sobre o esforzo e logros acadados por medio da autoavaliación.
- Ter iniciativa persoal na elaboración de traballos creativos; así como nos remates plásticos dos mesmos.
- Ter curiosidade e interese individual na aprendizaxe de conceptos musicais e interdisciplinares.
- Aprender e practicar estratexias lingüísticas para realizar oralmente descricións dos sons que escoitan coa axuda dun apoio visual.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

*Referidas ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:*

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías.
- Fomentar o espírito de superación nas actividades individuais, grazas ás gabanzas e ánimos do profesorado.
- Priorizar os obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Superar as dificultades a través da constancia e do traballo diario.
- Coordinar as tarefas e tempos do grupo na realización de traballos.
- Transmitir entusiasmo para acadar obxectivos.

- Elaborar traballos  individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
- Amosar iniciativa personal para promover ou iniciar novas accións.
- Entender e reflexionar sobre os valores como a constancia, o esforzo, a formación e o aprendizaxe como elemementes imprescincibles para a expresión de ideas e sentimentos a través da interpretación colectiva dun musical, empregando técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas aprendidas durante o curso para conseguir creacións ben elaboradas.

**OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CO GRAO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, A TEMPORALIZACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE**

| **ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| **BLOQUE 1. ESCOITA** | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ a | ▪ B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.<br>▪ B1.2. Asistencia a representacións musicais. | ▪ B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. | ▪ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. | ▪ 10% | ▪ P<br>▪ PE<br>▪ OD | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. | ▪ 20% | ▪ P<br>▪ PE<br>▪ OD | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. | ▪ 50% | ▪ OD | ▪ CSC | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | ▪ 70% | ▪ OD<br>▪ PE | ▪ CSC | ▪ 1º 2º 3º |
| ▪ j | ▪ B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: | ▪ B1.2. Identificar e describir as características de | ▪ EMB1.2.1. Describe e dá información salientable | ▪ 10% | ▪ PE | ▪ CCEC | ▪ 2º 3º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| ▪ h | intensidade, duración, altura e timbre.<br>▪ B1.4. Acento e pulso. | elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. | | ▪ AI | ▪ CCL | |
| ▪ j | ▪ B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).<br>▪ B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.<br>▪ B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4. | ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | ▪ EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. | ▪ 40% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1º |
| | | | ▪ EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. | ▪ 40% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. | ▪ 30% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB1.3.4. Identifica e utiliza | ▪ 30% | ▪ PE | ▪ CC | ▪ 1º 2º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| | | | correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. | | ▪ AI | EC | 3º |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical. | ▪ B1.4. Procurar e seleccionar información co fin de planificar e organizar visitas culturais e a asistencia a espectáculos,festas, accións na rúa, festivais e concertos, así como intercambiar esa información co fin de contribuír á formación e á satisfacción persoal e colectiva, e encher o tempo de lecer. | ▪ EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico. | ▪ 30% | ▪ T | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas. | ▪ 30% | ▪ T | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. | ▪ 10% | ▪ T | ▪ CIEE<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 1º 2º 3º |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, | ▪ B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características | ▪ EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. | ▪ 40% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 1º 2º 3º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| | membranófonos, idiófonos e electrófonos).<br>▪ B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).<br>▪ B1.11. Instrumentos doutras culturas. | de instrumentos doutras culturas. | ▪ EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). | ▪ 40% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB1.5.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas. | ▪ 30% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA | 2º |
| ▪ j | ▪ B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.<br>▪ B1.13. Melodías con cambios de compás. | ▪ B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. | ▪ EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. | ▪ 20% | ▪ OD<br>▪ PE | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 2º |
| | | | ▪ EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. | ▪ 20% | ▪ OD<br>▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 2º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| | | | ▪ EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. | ▪ 20% | ▪ OD<br>▪ PE | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 2º |
| ▪ j<br>▪ d | ▪ B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.<br>▪ B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras. | ▪ B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música. | ▪ EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | ▪ 30% | ▪ T<br>▪ PE | ▪ CCEC | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado. | ▪ 20% | ▪ T | ▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 3º |
| **BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL** | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento. Frauta doce: dixitación da | ▪ B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a | ▪ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. | ▪ 20% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical | ▪ 20% | ▪ OD | ▪ CCEC | ▪ 1º 2º 3º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| | escala de dó sen alteracións.<br>▪ B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.<br>▪ B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.<br>▪ B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br>▪ B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos. | linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | convencional melodías e ritmos. | | | ▪ CAA | |
| | | | ▪ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento. | ▪ 50% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 1º 2º 3º |
| | | | ▪ EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar. | ▪ 20% | ▪ OD | ▪ CAA | ▪ 1º 2º 3º |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.<br>▪ B2.7. Proxecto: concerto ou | ▪ B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas | ▪ EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou | ▪ 10% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 3º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avaliación | Compet. clave | Trimestre |
| | musical. | das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. | en grupos no contexto da aula. | | | | |
| | | | ▪ EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. | ▪ 10% | ▪ PE<br>▪ AI | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. | ▪ 40% | ▪ OD | ▪ CSC | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | ▪ 50% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.<br>▪ B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións | ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | ▪ EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. | ▪ 20% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 2º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| | dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.<br>▪ B2.10. Invención e construción dun instrumento.<br>▪ B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado. | | ▪ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. | ▪ 10% | ▪ TP | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ 2º |
| **BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA** | | | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br>▪ B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela. | ▪ B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. | ▪ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | ▪ 30% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. | ▪ 30% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 3º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| ▪ j<br>▪ b<br>▪ o | ▪ B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.<br>▪ B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | ▪ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | ▪ EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | ▪ 40% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | ▪ 40% | ▪ PE | ▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | ▪ 40% | ▪ OD | ▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B3.5. Proxecto: certame de danza. | ▪ B3.3. Improvisar en grupo danzas e movementos rítmicos sobre temas fixados con anterioridade ou con sons extraídos do contexto, expresando sentimentos e sensacións, e explicar con claridade as decisións tomadas ao longo | ▪ EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada. | ▪ 20% | ▪ OD | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB3.3.2. Colabora co | ▪ 50% | ▪ OD | ▪ CS | ▪ 3º |

| ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) CURSO QUINTO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxecti-vos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | % dos estándares | Proced. Avalia-ción | Com-pet. clave | Trimes-tre |
| | | do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas. | grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas. | | | C | |
| | | | ▪ EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación. | ▪ 20% | ▪ O<br>▪ P/D | ▪ CCL | ▪ 3º |
| | | | ▪ EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado. | ▪ 30% | ▪ OD<br>▪ P/D | ▪ CAA | ▪ 3º |

**Procedementos e instrumentos de avaliación:**

- OD:Observación directa.
- PE:Proba escrita/Ficha ou proba específica.
- T:Traballo.
- P :Preguntas individuais, colectivas ou diálogos.
- AI:Actividades interactivas.
- TP:Construír un instrumento/Debuxo.

## METODOLOXÍA

Estos son os **principios metodolóxicos** fundamentais:

- Atención á diversidade tendo en conta os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Deseñar actividades que favorezan o traballo individual e colectivo.
- Metodoloxía activa, inclusiva e participativa. Que favoreza a consecución de obxectivos e competencias clave.
- Que favoreza a autoaprendizaxe, a investigación, a creatividade e o pensamento crítico.

**Estratexias metodolóxicas:**

- ***A clase será sempre práctica***: audicións, visionado de vídeos musicais, actividades interactivas, práctica instrumental, danza…etc e que fomenten a motivación e a curiosidade pola música así como obter información e aprender.
- Actividades de aprendizaxe, práctica e aplicación dos coñecementos adquiridos sempre de xeito práctico ***e combinando actividades individuais e colectivas.***
- Utilización das **TIC** para a busca de información e como motivación e traballo lúdico.
- Actualízanse as aprendizaxes musicais dos cursos anteriores.
- ***Actividades diversas: traballo de competencias básicas, proxectos e actividades interactivas.***
- Actividades de repaso ao rematar a unidade.
- Recursos dixitais variados: de linguaxe musical, voz, danza e movemento e actividades sobre competencias.
- O traballo autónomo do alumno/a debe presidir a aprendizaxe musical especialmente en: lecto-escritura musical con exercicios prácticos para a comprensión e utilidade da grafía musical e na ***escoita activa*** dos alumnos/as que é un elemento metodolóxico de gran interese xa que permite a comprensión e memorización de melodías, ritmos… etc.

- O proceso de ensinanza aprendizaxe baséase na secuencia: percepción auditiva, imitación e reproducción da linguaxe musical.

**Espazos, e agrupamento do alumnado**

Contarase coa aula de de música e outras dependencias do centro que o requiran como o salón de actos/biblioteca.

A disposición do espazo non ten porque ser sempre a mesma, senón que ten que existir un nivel de flexibilidade que permita ritmos de aprendizaxe e tipos de actividades diversas.

Na aula haberá dous espazos diferenciados nos que os alumnos/as se desplazarán e organizarán en función das distintas actividades propostas, favorecendo así a autonomía dos mesmos.

- Espacio para traballo individual: será un espacio con cadeiras e mesas en torno ao encerado para realizar actividades de lecto-escritura musical, seguimento de audicións, etc e para o traballo autónomo cos ordenadores ABALAR.
- Espacio libre para movemento no que se realizarán actividades de danza e movemento.

Para a organización do traballo na aula haberá que ter en conta o tipo de tarefas que se van a realizar. Dependendo destas, haberá distintos tipos de agrupamentos:

- **Gran grupo**, formado por toda a clase.Utilizarémolo para realizar actividades nas que busquemos fomentar as relacións interpersoais e a tolerancia cara aos demais traballando indirectamente contidos actitudinais, por exemplo a interpretación de unha obra todos xuntos.Tocaremos, cantaremos ou bailaremos en grupo.

- **Medio ou pequeno grupo** formado pola metade da clase. Así por exemplo cada grupo canta unha estrofa dunha canción ou toca con instrumentos cun determinado instrumento.
- **Traballo individual** para adecuarse ao ritmo e posibilidades de cada un e coa intervención do mestre/a axudando en necesidades concretas.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O material (instrumentos musicais) estará organizado e ao alcance dos nenos/as para que os poidan utilizar e manexar de forma práctica e sempre coidadosa.

Contarase con:

- Ordenador con altofalantes,mesa de mesturas, pizarra dixital, canón e micrófonos.
- Ordenadores ABALAR.
- Recursos educativos (internet).
- Servidor do centro.
- Recursos variados dos libros dixitais.
- Instrumentos de percusión de altura determinada, indeterminada frauta doce e teclado.
- Taboleiros para a ensinanza musical con rodas que se pode situar en distintas zonas da aula.
- Láminas sobre as familias de instrumentos, a orquestra…..etc.
- Recursos da Biblioteca: libros de música.

## AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

**Avaliación inicial.** Realizarase nos primeiros días do mes de setembro e se realizará unha observación directa na realización dunha serie de actividades tanto individuais como colectivas que abarquen de forma xeral e sinxela algúns dos contidos máis importantes ou salientables na Educación Musical aprendidos no curso pasado:

- Cantarán unha canción, farán percusión corporal e ritmos con pequena percusión ou tocarán coa frauta unha canción.
- Realizar unha proba de escoita.
- Completar unha ficha de aspectos de linguaxe musical.

**En función dos resultados acadados** comezarase coa primeira Unidade Didáctica pero partindo dos coñecementos musicais previos dos nosos alumnos/as para realizar así unha verdadeira aprendizaxe significativa.Actualízanse entón os contidos aprendidos no curso anterior.

Motivarase aos nenos/as con actividades variadas de escoita,visionado de vídeos,cancións ou actividades interactivas do libro dixital para que se vaian familiarizando co libro dixital que para eles é novo pero ao mesmo tempo moi motivador.

Dado que en Educación Musical os nenos/as deste colexio seguen ao longo dos cursos de Primaria co mesmo mestre/a de Educación Musical, esta avaliación inicial en realidade vai máis dirixida aos alumnos/as de nova incorporación, xa que o mestre/a xa coñece e avaliou a todos os alumnos/as en cursos pasados.

***Ao longo do curso realizarase unha avaliación continua*** por observación directa e empregando diversos instrumentos e procedementos de avaliación, xa detallados anteriormente en cada estándar de aprendizaxe avaliable.

Avaliaranse:

- Tarefas variadas do alumno realizadas na actividade diaria da clase tanto

individuais como colectivas: canto, danza, audición, instrumentación, busca de información, actividades interactivas…etc.

- Actividades diversas de avaliación tanto orais como escritas: fichas, probas escritas, preguntas individuais e colectivas, diálogos, traballos…etc.

**Avaliación das competencias.**

- Rexistro do grupo-clase.
- Rexistro individual do alumno/a.
- Informe de avaliación.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Realización do traballo  na clase de música.

*Valoración (5)*

*Instrumento de avaliación: Rexistro do traballo na clase.*

- Intervencións orais tipo resposta (1)
- Observación directa do alumno/a nas actividades musicais realizadas na aula: (4)

  - Audición (1)

  - Canto/Danza (1)* Valorarase en cada trimestre o contido que se traballe.

  - Frauta/Instrumentacións (1)

  - Actividades interactivas realizadas no libro dixital (1)

2. Probas específicas.

*Valoración (4)*

*Instrumento de avaliación: Rexistro de tarefas e Rexistro de probas.*

- Realización de probas específicas (3)
- Rexistro de tarefas (1)

*3*. Actitudes.

*Valoración (1)*

*Instrumento de avaliación: Rexistro da participación e actitude na aula.*

- Respecta as intervencións dos compañeiros/as e os turnos á hora de participar en actividades musicais (0.25)
- Respecto cara á persoa que dirixe: mestre/a de música (0.25)
- Interese, participación, esforzo e colaboración (0.5)

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Seguiranse os criterios de promoción establecidos na Programación Xeral para o presente curso.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS**

*Referidos á competencia en Comunicación lingüística:*
EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.

EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e a
EMB3.3.3. Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación.chega evidencias do traballo realizado.

*Referidos á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:*
EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.

*Referidos á Competencia dixital:*
EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
EMB1.4.3. Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.
EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.

*Referidos ás Competencias sociais e cívicas:*
EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.
EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.

EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas.

*Referidos á Conciencia e expresións culturais:*
EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais
EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
EMB1.5.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.

EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.
EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.
EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.
EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.
EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

*Referidos á competencia para Aprender a aprender:*
EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito aut

EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.ónomo e con sentido crítico.
EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).
EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.
EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar.
EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.
EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.
EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.
EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado.

*Referidos ao Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:*

EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.

EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.

EMB3.3.1. Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.

## AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO, PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E INDICADORES DE LOGRO

**Para avaliar a programación didáctica o mestre/a** de Educación Musical, fará unha reflexión sobre os obxectivos, actividades, recursos e a propia práctica docente, todo iso co propósito de que constitúa un elemento de autoavaliación que permita así mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e que constituirá unha base permanente de planificación do traballo.Así se establecerán **indicadores de logro** nas programacións.

As reflexións sobre o desenvolvemento das programacións didácticas, clases e a práctica docente, responderá a unha serie de cuestións:

- **Clases, materiais didácticos e recursos empregados.**
    - Empregaronse recursos de linguaxe musical, voz, cancións, frauta, instrumentos, audicións, compostores/as, danza e movemento e actividades variadas?
    - As clases preparadas se adaptaron ás características do nivel e dos alumnos?
    - As actividades se adaptan aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as? Neste aspecto, se tiveron en conta as recomendacións do Equipo de Orientación?

- **A metodoloxía.**
    - A aprendizaxe foi significativa?

- Fomenta a actividade e participación dos alumnos/as?
- Os contidos  e as actividades están secuenciados?
- É unha metodoloxía motivadora?Fomenta o interese dos alumnos/as?

- **A avaliación.**
    - Fíxose un seguimento adecuado dos alumnos/as?
    - As probas de avaliación están ben adaptadas ao nivel e recollen os contidos  traballados?
    - Os instrumentos de avaliación foron os adecuados?
    - As probas de avaliación recollen todo o tipo de actividades que se traballan?.

**Instrumento de avaliación:** rexistro da Unidade Didáctica e das medidas adoptadas en función do desenvolvemento da mesma.

Neste rexistro quedarán reflexadas as respostas ás preguntas e reflexións expostas no apartado anterior e as medidas adoptadas, sendo así un proceso constante e continuo ao longo do curso.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A área de Educación Musical favorece polas súas características específicas  a integración e a participación de todo o  alumnado xa que todos os nenos e nenas, dentro claro, das súas capacidades, poden cantar, bailar, comentar audicións…etc.  Nunha palabra, sentir  e vivenciar a música. A Educación Musical en Primaria como nós a entendemos non está pensada para que chegue só aos alumnos/as con aptitudes musicais.Non é un conservatorio, nen unha escola de música, senón que cremos debe ser o lugar e o momento de descubrir o mundo da música e que este descubrimento e estas vivencias cheguen a todos os alumnos/as.

Medidas de actuación:

- Ten conta as recomendacións do Departamento de Orientación.

- Prevenir as dificultades de aprendizaxe que xurdan na aula para facer o apoio e reforzo educativo aos alumnos/as que o necesiten tanto nas actividades individuais como colectivas.

- *Nas actividades individuais* este **reforzo** será xeralmente nos exercicios de linguaxe musical (lecto-escritura musical, na identificación de ritmos e melodías, na creación de melodías…etc ) e nos exercicios de discriminación auditiva, seguimento de musicogramas e audicións que realiza o alumno/a de forma autónoma no libro.Nestes momentos o mestre/a especialista de Educación Musical é cando axuda de xeito individual a estes alumnos/as.

- *Nas actividades colectivas* a nosa intervención como mestre/a de música consistirá en preparar as actividades tendo en conta a diversidade da aula para así lograr unha escola inclusiva.Por exemplo á hora de preparar unha instrumentación teremos que pensar nas características, capacidades e aptitudes de cada alumno/a para distribuír os instrumentos.Uns alumnos/as tocarán as melodías con frauta e outros aos que detectemos que presentan máis dificultades, tocarán os acompañamentos con instrumental de pequena percusión para que así todos se sintan motivados ao ser capaces de participar co seu grupo e mellore a súa autoestima.Entendendo ben, que cada un no seu papel e dentro das súas capacidades debe esforzarse para conseguir que o resultado grupal sexa unha interpretación artística e en definitiva facer música e disfrutar dela.
- Con estas medidas de actuación estamos favorecendo a educación en valores.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Posibilidade de asistir a Concertos Didácticos.

Posibilidade de participar na web do centro con algún artigo deste nivel, sobre aspectos traballados na clase de música e contemplados na Programación de Educación Musical.

Estudiaranse outro tipo de propostas de actividades que poidan ir xurdindo ao longo do curso que resulten interesantes para os alumnos/as deste nivel  e que favorezan o desenvolvemento dos obxectivos establecidos na programación de Educación Musical.